



## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

### **BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DE DOCE PEÓNS, CATRO PEÓNS CONDUTOR E CATRO XEFES DE BRIGADA PARA CATRO BRIGADAS DO SERVIZO “BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS” DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN**

#### **PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.**

- 1.O obxecto destas bases é regular a contratación por a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín de 12 PEÓNS, 4 PEÓNS CONDUTOR E 4 XEFES DE BRIGADA para o servizo de “Brigadas de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín”.
- 2.Funcións: labores de prevención de incendios forestais (desbroces de faixas de prevención secundarias, montes e limpeza de camiños) e labores de investigación de parcelas de faixas secundarias de xestión de biomasa, sempre que non sexa requerida a brigada para a defensa destes, durante cada un dos meses, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.
3. As contratacións estenderanse ata o 03 de novembro de 2026.

#### **SEGUNDA. Bases específicas.**

1. Número de prazas: 12 peóns.
  2. Categoría profesional: peón da Mancomunidade de Verín.
  3. Duración: ata o 03 de novembro de 2026.
  4. Contrato laboral que se formalizará: de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos segundo a disposición adicional quinta del Real Decreto – lei 32/2021.
  5. Xornada laboral: completa.
  6. Salario bruto mensual: 1574,00 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).
- 
1. Número de prazas: 4 peóns condutor.
  2. Categoría profesional: peón-condutor da Mancomunidade de Verín.
  3. Duración: ata o 03 de novembro de 2026.
  4. Contrato laboral que se formalizará: de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos segundo a disposición adicional quinta del Real Decreto – lei 32/2021.
  5. Xornada laboral: completa.
  6. Salario bruto mensual: 1574,00 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).
- 
1. Número de prazas: 4 xefes de brigada.
  2. Categoría profesional: xefe de brigada do da Mancomunidade de Verín.
  3. Duración: ata o 03 de novembro de 2026.
  4. Contrato laboral que se formalizará: de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos segundo a disposición adicional quinta del Real Decreto – lei 32/2021.





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

5. Xornada laboral: completa.
6. Salario bruto mensual: 1824,00 € (incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

### **TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.**

Os aspirantes que tomarán parte no concurso-oposición deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de 60 anos, recomendada polo Comité de Loita Contra Incendios Forestais (CLIF).
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida a o correcto desenvolvemento dunha proba de esforzo físico e o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- f) Para optar a peón condutor deberá ter permiso de conducir clase B.
- g) No caso dos xefes de brigada, ten que ter algunha das seguintes titulacións: enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Deberá estar en posesión do permiso de conducir clase B.
- h) Coñecemento da lingua galega: de acordo ao establecido no artigo 51 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administración Pública de Galicia e para garantir o uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así coma a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2, título superior ou equivalente, deberá superar unha proba oral sobre o coñecemento do idioma galego.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ao último día da presentación de instancias.





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

### CUARTA. Baremo dos méritos e da fase oposición

a) Na fase concurso os méritos que se valorarán son os seguintes:

**1. Experiencia profesional:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 6 puntos.

- a) Por servizos remunerados prestados na Administración pública ou empresa pública (TRAGSA, SEAGA,...) na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo.
- b) Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo (máximo 2 puntos).
- c) Para xefes de brigada, Acreditar ter traballado coa aplicación XESBIO2: 1 puntos

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación conxunta do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraránse de xeito proporcional.

**2. Formación:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados por administracións públicas ou homologados, relacionados coas función do posto ao que se opta:

- Cursos de ata 40 horas: 0,50 puntos/curso.
- Cursos de máis de 41 horas: 0,75 puntos/curso.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 40 horas, e puntuarase con 0,50 puntos por curso.

**b) Na fase oposición valoraranse as seguintes probas:**

**1. Proba teórica:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 4 puntos. Realizarase unha proba consistente en desenvolver un exame tipo test con 20 preguntas sobre o seguinte temario:





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

- a) Coñecemento do territorio.
- b) A prevención e a loita contra os incendios forestais.
- c) Prevención de riscos laborais nas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

- Cada resposta correcta sumará 0,20 puntos.

- Cada resposta errada restará 0,10 puntos.

**2. Proba práctica:** a puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 8 puntos. Se realizará unha proba práctica relacionada coas tarefas de prevención (operacións relacionadas co correcto mantemento e uso da maquinaria de desbroce) e extinción (operacións relacionadas co correcto uso das ferramentas de extinción) do posto obxecto de convocatoria de acordo co nivel e categoría do posto ou ben directamente relacionado cos cometidos a cumprir no que se valorará de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución. Concretamente: operacións de mantemento, posta en funcionamento e uso das ferramentas propias do posto (mangueiras, motoserras, rozadoiras e os Epis procedentes).

- Está proba é eliminatoria.
- Mínimo para superar a proba: 4 puntos.

### 3. Proba física e médica.

- Deberá superarse unha proba de aptitude física: Field Test.

A proba Field test consiste en camiñar 3200 metros sobre o terreo plano cun peso de 11 kilogramos as costas, nun tempo máximo de 30 minutos.

**ASPIRANTES DEBERÁN TRAER UNHA MOCHILA CON 11 KILOGRAMOS DE PESO PARA REALIZAR DITA PROBA, PARA ESO DEBERÁN CARGALA CO QUE CREAN MAIS CONVEÑENTE. O TRIBUNAL DE SELECCIÓN PESARÁ DITAS MOCHILAS ANTES E DESPOIS DA PROBA.**

A proba será realizada por unha asistencia técnica.

Está proba é eliminatoria.

### QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.





## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

1. As solicitudes para participar neste concurso presentaranse, conforme ao modelo que figura como anexo I das bases, no prazo de cinco días hábiles no Rexistro xeral da Mancomunidad de Verín.

As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma **presencial**, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa no Rexistro Xeral da Mancomunidad ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) De forma **telemática**, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da **Mancomunidad** de Municipios da Comarca de Verín, na ligazón <https://mancoverin.sedelectronica.gal/info.0>

2. O referido prazo computarase a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, achegándose a seguinte documentación:

a. Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.

b. Acreditación documental xustificativa dos méritos esixidos. (soamente se terán en conta os méritos alegados con data límite o último día da presentación de instancias).

c. Declaración xurada de cumprir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).

d. Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e a realización da proba de esforzo. O certificado médico oficial ou informe de saúde que acredite as anteriores circunstancias deberá estar firmado por un colexiado en exercicio e o documento non poderá ter unha antigüidade superior a tres meses respecto da data última de presentación de instancias.

e. Xustificante de pago da taxa de participación no proceso selectivo. (Ordenanza publicada no BOP de Ourense núm. 265, do 19 de novembro de 2022) No caso de que as persoas interesadas concorran a máis dunha das prazas convocadas, cada unha delas constituirá un proceso selectivo diferente, polo que deberá aboar a taxa correspondente para cada unha delas. Este modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Mancomunidad [www.mancoverin.es](http://www.mancoverin.es) e nas oficinas da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín.

No caso de que a persoa interesada teña redución do 100% da cota tributaria por ter a condición de persoa desempregada de longa duración, deberá achegar certificación desta situación expedida polo servizo público de emprego. Para estes efectos, entenderase como persoa desempregada de longa duración aquela que conste inscrita na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 meses ou máis de forma consecutivos ou 12 discontinuos un período de 18 meses. (Art. 6.1 a) da vixente Ordenanza).

As persoas vítimas de violencia de xénero, xuntarán resolución xudicial ou orde de





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

protección ou informe do Ministerio Fiscal, para beneficiarse da redución do 100% da cota tributaria por ter a condición. (Art. 6.1 b) da vixente Ordenanza).

No caso de que a persoa interesada teña redución do 100% da cota tributaria por diversidade funcional igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social. (Art. 6.1 c) da vixente Ordenanza).

No caso de que a persoa interesada forme parte dunha familia monoparental, para ter dereito a redución do 100% da cota tributaria, deberá acreditarlo mediante a aportación do libro de familia. (Art. 6.1 d) da vixente Ordenanza).

As persoas vítimas do terrorismo, para ter dereito a exención do pago da taxa, deberá acreditarlo mediante a aportación dun certificado emitido polo órgano competente do Ministerio do Interior. (Art. 6.2 da vixente Ordenanza)

No caso de que a persoa interesada forme parte dunha familia numerosa, para acollerse á correspondente bonificación do 50% ou do 100% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. (Art. 6.3 da vixente Ordenanza).

O ingreso da taxa realizarase no número de conta de ABANCA: ES64 2080 5344 4731 1015 1398

O importe será o correspondente o grupo de Agrupacións Profesionais: 6 euros.

### **SEXTA. Tribunal cualificador**

1. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e as probas establecidas nas bases, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente.
- 2 Vogais.
- Secretario con voz e sen voto.

O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficacia.

O tribunal valorará a documentación presentada na fase de concurso e as probas realizadas na fase oposición, de acordo ás bases da convocatoria.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, quenes se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán con voz pero sen voto.

No suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea á Mancomuniade de Verín, terá dereito a percibir indemnización por a asistencia correspondente segundo o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio.





## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

### **SÉTIMA. Procedemento de selección**

Rematado o prazo de presentación de instancias, por resolución da Presidencia aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos ao concurso-oposición. A mesma resolución do presidente conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora das probas. A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Mancomunidad de Verín ([www.mancoverin.es](http://www.mancoverin.es)), concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións, emenda de erros ou achega de documentación complementaria. Concluído este prazo o alcalde aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas no proceso selectivo.

De acordo coa relación, elevarase ao presidente, ademais da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o presidente ao nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Cos traballadores que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador seguinte na lista de similares características.

### **OITAVA. Recursos.**

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

### **NOVENA.- Normas supletorias de aplicación**

En todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido nas seguintes normas:

a) Bases xerais reguladoras da contratación do persoal da mancomunidad de municipios da comarca de Verín e dos concellos de Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra e Vilardevós.

(consultábeis na seguinte web: <https://www.mancoverin.es/2019/09/26/bases-xerais-reguladoras-da-contratacion-do-persoal-da-mancomunidad-de-municipios-da-comarca-de-verin-e-dos-concellos-de-cualedro-laza-monterrei-oimbra-e-vilardevos/>)





## Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

---

- b) Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público
- c) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- d) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- e) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- f) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

O Presidente

Documento asinado dixitalmente o marxe.





## Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

---

### ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ DATA NACEMENTO \_\_\_\_\_

R/ \_\_\_\_\_

LOCALIDADE \_\_\_\_\_

PROVINCIA \_\_\_\_\_

CÓDIGO POSTAL \_\_\_\_\_ TELÉFONO \_\_\_\_\_

#### EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección das brigadas de incendios forestales da Mancomunidade de Verín considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que,

#### SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de.

Peón.

Peón condutor.

Xefe de brigada.

Que autorizo a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na páxina Web da Mancomunidade de Verín, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Verín \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

Asdo. \_\_\_\_\_





**ANEXO II: Modelo de declaración xurada**

D./Dña....., con  
DNI ..... e domicilio  
en.....,

declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 12 prazas de peóns, 4 peóns condutor e 4 xefes de brigada para o servizo “Brigada de Prevención e Defensa Contra Incendios”, asino esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Verín,.....de.....de 2026

(Asinado polo/a interesado/a)





## ANEXO III: PROBA DE APTITUDE FÍSICA FIELD TEST

Consiste en camiñar 3.200 metros en terreo chaira cargando unha mochila de 11 kg nun máximo de 30 minutos.

**OS ASPIRANTES DEBERÁN TRAER UNHA MOCHILA CON 11 KILOGRAMOS DE PESO PARA REALIZAR DITA PROBA, PARA ESO DEBERÁN CARGALA CO QUE CREAN MAIS CONVENIENTE. O TRIBUNAL DE SELECCIÓN PESARÁ DITAS MOCHILAS ANTES E DEPOIS DA PROBA**

### COMPLEXO DEPORTIVO A GRANXA

[Camiño de Queizás, 47A, 32600 Verín](#)

9 VOLTAS AO REDOR DO CAMPO DE FÚTBOL + tramo "INICIO-FIN" 105,45 metros

1 VOLTA= 340,29 METROS X 9 = 3062,61 METROS + 105,45 metros:

**3168,06 METROS**

